



PLAN NORMATIVO

1.- MOTIVACIÓN.

No eido local, os Municipios exercen a potestade normativa recoñecida por lei a través da adopción de Regulamentos e Ordenanzas, que son disposicións de carácter xeral de rango regulamentario, tal e como se concreta no artigo 4.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, constituíndo este exercicio unha manifestación da autonomía local recoñecida pola Constitución e definida pola Carta Europea de Autonomía Local como *o dereito e a capacidade das Entidades Locais de ordenar e xestionar unha parte importante dos asuntos públicos, no marco da lei, baixo a súa responsabilidade e en beneficio dos seus habitantes.*

A necesidade de proceder á elaboración dun plan normativo, como previo paso á aprobación de calquera tipo de normativa, procede da entrada en vigor da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que fai referencia, no seu artigo 132, á obriga das Administracións de publicar anualmente un Plan Normativo que conteña as iniciativas legais ou regulamentarias que vaian a ser elevadas para a súa aprobación no ano seguinte, publicando o mesmo, unha vez aprobado, no Portal de Transparencia da Administración Pública correspondente.

Todo este procedemento, é necesario para a aprobación conforme ás esixencias legais das correspondentes normas, de tal xeito que a labor institucional e o funcionamento dos servizos públicos quede definida de xeito claro, conciso, coherente co resto do Ordenamento Xurídico e accesible,



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

facilitando a tarefa dos operadores xurídicos de cumprir cos obxectivos da organización respectiva e dando servizo á cidadanía.

2.- CONTEXTO.

O presente Plan Normativo recolle unha serie de medidas cuxa necesidade deriva dunha multiplicidade de factores, que son os que seguen:

- 1) A antigüidade da normativa vixente existente no Concello que, á súa vez, provoca
 - unha clara obsolescencia con respecto a aquela de ámbito estatal e autonómico;
 - unha dispersión normativa que xera inoperatividade na actuación administrativa corporativa diaria, dada a complexidade na determinación da regulación aplicable, o que leva aparelado un certo nivel de inseguridade xurídica que é preciso atallar;
- 2) A adhesión, por parte do Concello, á iniciativa levada a cabo entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP (Federación Galega de Municipios e Provincias), denominada “Concellos doing bussiness”, que leva aparelada a asunción do compromiso, por parte dos Concellos, de desenrolar medidas vinculadas a tres liñas estratéxicas principais para impulsar o fortalecemento e a mellora da competitividade do tecido industrial dos seus termos coa chegada de novas empresas: establecemento de incentivos fiscais e simplificación administrativa e de acceso ó solo empresarial.
- 3) A necesidade de adaptar á realidade do Concello de Outes as previsións da Lei de Incendios, para garantir a súa aplicabilidade áxil, eficiente e efectiva,



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

reducindo na medida do posible o risco de incendio con posibles danos a persoas, animais ou bens materiais que reiteradamente se veñen producindo nos montes da Comunidade Autónoma de Galicia e que resultan especialmente preocupantes nun termo municipal coma o de Outes, eminentemente rural e forestal.

3.- PRINCIPAIS MEDIDAS NORMATIVAS.

- 1) Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas (IAE)
- 2) Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI)
- 3) Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO).
- 4) Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos.
- 5) Modificación Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenza de apertura de establecementos
- 6) Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa polas actuacións de intervención administrativa nas actividades e servizos suxeitos a comunicación previa, declaración responsable e licenza de apertura.
- 7) Modificación do Regulamento de procedementos de intervención nos actos de uso do solo e no exercicio de actividades de apertura de establecementos.



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

- 8) Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa pola tramitación de licencias urbanísticas.
- 9) Aprobación da Ordenanza de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais.